“Os datos da Enquisa da Poboación Activa do primeiro trimestre de 2018 reflicten que o mercado laboral galego presenta mellores resultados para as mulleres que no conxunto do Estado español: menor taxa de paro; maiores taxas de actividade e de emprego para as mulleres de 16-64 anos, é dicir, no intervalo de idade onde se concentra a grande maioría das traballadoras; e menor taxa de parcialidade.

Ademais, Galicia é a terceira comunidade cunha maior proporción de mulleres ocupadas e se atopa entre as primeiras nas que as taxas de desemprego de homes e mulleres están a converxer, polo que o diferencial entre ambas se sitúa por debaixo dos dous puntos, cando a media nacional é de 3,4 puntos.

De feito, as mulleres na nosa comunidade suman doce trimestres consecutivos de aumentos anuais da ocupación, polo que hoxe as 501.900 ocupadas son máis das que había en Galicia fai oito anos. Tamén o número de asalariadas encadea doce trimestres de incrementos seguidos chegando á cifra de 410.800, a máis alta nun primeiro trimestre desde 2009.

A tendencia en positivo do emprego feminino tamén se observa nas catro provincias galegas, serva de exemplo que as taxas de ocupación deste colectivo no primeiro trimestre do ano son superiores ás rexistradas oito anos atrás. Incluso na provincia de Lugo, esta taxa – que alcanza o 42,2% – é a maior de toda a serie histórica publicada polo Instituto Nacional de Estatística, mentres que nas outras provincias se sitúa entre as primeiras para este período.

En todo caso, lembrar que a creación de máis empregos e de máis calidade para o conxunto da sociedade galega segue a ser unha prioridade da Xunta, prestando especial atención ao colectivos con maiores dificultades de inserción así como á igualdade de oportunidades. Neste contexto inscríbese o programa Emprega en feminino que esta administración activou en 2017 para dar un maior impulso á incorporación da muller no mercado laboral e ao seu desenvolvemento profesional e empresarial en Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/06/2018 13:49:06



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **25902**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da perda do emprego por 3.400 mulleres na provincia de Pontevedra, no cuarto trimestre de 2017, o 85% do emprego feminino destruído en Galicia”**, (publicada no BOPG número 264 do 21 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Os datos da Enquisa da Poboación Activa do primeiro trimestre de 2018 reflicten que o mercado laboral galego presenta mellores resultados para as mulleres que no conxunto do Estado español: menor taxa de paro; maiores taxas de actividade e de emprego para as mulleres de 16-64 anos, é dicir, no intervalo de idade onde se concentra a grande maioría das traballadoras; e menor taxa de parcialidade.

Ademais, Galicia é a terceira comunidade cunha maior proporción de mulleres ocupadas e se atopa entre as primeiras nas que as taxas de desemprego de homes e mulleres están a converxer, polo que o diferencial entre ambas se sitúa por debaixo dos dous puntos, cando a media nacional é de 3,4 puntos.

De feito, as mulleres na nosa comunidade suman doce trimestres consecutivos de aumentos anuais da ocupación, polo que hoxe as 501.900 ocupadas son máis das que había en Galicia fai oito anos. Tamén o número de asalariadas encadea doce trimestres de incrementos seguidos chegando á cifra de 410.800, a máis alta nun primeiro trimestre desde 2009.

A tendencia en positivo do emprego feminino tamén se observa nas catro provincias galegas, serva de exemplo que as taxas de ocupación deste colectivo no primeiro trimestre do ano son superiores ás rexistradas oito anos atrás. Incluso na provincia de Lugo, esta taxa – que alcanza o 42,2% – é a maior de toda a serie histórica publicada polo Instituto Nacional de Estatística, mentres que nas outras provincias se sitúa entre as primeiras para este período.

En todo caso, lembrar que a creación de máis empregos e de máis calidade para o conxunto da sociedade galega segue a ser unha prioridade da Xunta, prestando especial atención ao colectivos con maiores dificultades de inserción así como á igualdade de oportunidades. Neste contexto inscríbese o programa Emprega en feminino que esta administración activou en 2017 para dar un maior impulso á incorporación da muller no mercado laboral e ao seu desenvolvemento profesional e empresarial en Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/06/2018 13:48:59



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 26176**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros deputados do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para garantir a viabilidade industrial da Fábrica de Armas da Coruña”**, (publicada no BOPG número 264 do 21 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde López, con motivo do debate da pregunta 26175 que tivo lugar na sesión plenaria do 6 de xuño de 2018, pregunta sobre o mesmo tema e formulada polos mesmos deputados.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-06-06?part=fbfbfeee-2f7c-4723-8044-f9eb0a7cfaaa&start=2246>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/06/2018 13:48:48



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27875**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación de illamento no que se atopa a veciñanza de San Vicente de Leira, no concello de Vilamartín de Valdeorras, a consecuencia do corte físico da estrada OU-0807 pola Deputación provincial de Ourense, o seu posible impacto para a poboación, así como as súas previsións respecto da colaboración financeira coa deputación para o arranxo desa estrada”**, (publicada no BOPG número 281 do 22 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, exerce as súas competencias nas estradas pertencentes á Rede Autonómica de Estradas de Galicia. Esta rede está formada polas estradas cuxo itinerario discorra integramente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que non sexan de titularidade do Estado ou doutros organismos.

A estrada OU-0807 non é de titularidade autonómica. Por esta razón, todas as cuestións relacionadas coa súa conservación e/ou mellora deberán ser asumidas pola administración titular da vía, que xa ten comprometido publicamente actuacións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/06/2018 13:48:40



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 29207**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a valoración e as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa aparición dunha nova bolsa de lindano no Porriño durante a execución da obras de saneamento, así como cos datos reflectidos no informe da Consellería de Sanidade referido á súa situación en Galicia e os protocolos para o tratamento e prevención da saúde establecidos ao respecto”**, (publicada no BOPG número 294 do 19 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Na elaboración do informe se tiveron en conta os criterios e recomendacións das principais organizacións de carácter internacional sobre este tema, nomeadamente a ATSDR (Axencia para Sustancias Tóxicas e o Rexistro de Enfermidades) do CDC (Centro para o control e prevención das enfermidades) e a International Agency for Research on Cancer (IARC), que é a axencia especializada sobre cancro da OMS.

A contaminación dos solos por lindano no Concello do Porriño é un problema que se arrastra desde hai varias décadas. Tras as analíticas de augas realizadas pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil, os informes refiren resultados desfavorables das análises realizadas en distintos puntos de control, polo que, ademais da zona historicamente afectada, hai que incluír esta nova zona investigada.

En outubro de 2017 iniciouse un estudo desta nova zona investigada nos lugares de Contrasto e A Pereira que están incluídas dentro da parroquia de Torneiros. Estes lugares abastécense de pozos particulares ou traídas de veciñanza. O estudo realízase en 60 vivendas. Compróbase que destas, 28 teñen como único modo de abastecemento un pozo particular.

Lévase a cabo un traballo de campo por parte das Consellerías de Sanidade e Medio Ambiente, no que se procede a realizar a mostraxe e análise das augas de consumo dispoñibles nas vivendas dos lugares de Contrasto e A Pereira, que están incluídas dentro da parroquia de Torneiros. Analízase auga de diferentes naturezas: pozos, traídas de veciñanza e fontes. Conclúese que non existe garantía sanitaria no caso de utilizar como abastecemento de auga de consumo humano calquera dos pozos, fontes e tamén no caso da auga que están a consumir os 120 usuarios da traída da Pereira. A este respecto, é

imprescindible que o Concello do Porriño habilite unha solución definitiva, para o que está a traballar en estender o abastecemento do Consorcio do Rubio a devandita zona.

Neste caso concreto, comprobouse que moitos dos pozos presentan contaminación por lindano, existindo na zona delimitada pola CHMS contaminación de chans e das augas superficiais e subterráneas. Por isto, a Consellería de Sanidade, co fin de evitar a exposición das persoas, emitiu unha serie de recomendacións a través do Concello do Porriño.

Pola súa banda, o organismo de conca competente no ámbito territorial do concello do Porriño é a Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS) revisará as concesións existentes e levará a cabo as actuacións que estime pertinentes no ámbito das súas competencias como organismo de conca.

Ademais da zona do polígono de Torneiros e dos lugares de Contrasto e A Pereira, poden existir máis zonas contaminadas, xa que estes residuos, dadas as súas adecuadas características mecánicas, puideron utilizarse durante anos como firme e recheo en toda esa zona, sen que por aquel entón a poboación fose consciente do seu perigo. Estas zonas están sen estudar a día de hoxe, polo que se previron as seguintes actuacións:

- Solicitar información que poida servir para decidir se resulta oportuno ampliar estudos a outras zonas dos concellos de Porriño e Mos.
- Tendo en conta que a Lei Reguladora das Bases de Réxime Local establece que os concellos deben prestar o servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e a lexislación sanitaria sitúa a estes como a administración responsable de que a auga fornecida no seu ámbito territorial sexa "apta para o consumo", comprobado que no lugar de Contrasto e A Pereira non existe abastecemento domiciliario de auga potable e que non existe constancia que noutras parroquias ou lugares exista unha situación similar, é necesario que os concellos de Porriño e Mos realicen unha avaliación exhaustiva dos sistemas de abastecemento que posúen todos os núcleos de poboación dos seus concellos.
- Como actuación prioritaria, dada a problemática existente nesta zona, é necesario que o concello do Porriño acometa obras urxentes para abastecer de auga de consumo apta, na zona de estudo (Contrasto e Pereira), cumprindo cos requisitos estipulados no artigo 13 do RD 140/2003.
- Así mesmo, é necesario que ambos concellos realicen unha planificación adecuada e integral do sistema de abastecemento dentro do seu ámbito territorial, polo que deberán programar

actuacións a curto prazo para garantir que toda a poboación dispoña dun sistema de abastecemento adecuado, con garantía sanitaria e libre de contaminación de lindano.

- O potencial risco de que exista contaminación por lindano noutras zonas de ambos concellos, debe ser tido en conta polos mesmos no marco de todas as autorizacións de obras e servizos existentes no seu ámbito territorial.

Non existen protocolos internacionais específicos para a avaliación epidemiolóxica dunha exposición ao lindano. As persoas poden expoñerse ao lindano ao inxerir alimentos que poidan estar contaminados, ao inxerir auga contaminado, respirar aire contaminado ou a través do contacto da pel con terra ou auga en lugares onde poida haber presenza de residuos de lindano.

Unha exposición deste tipo podería ocorrer á beira co camiño da zona afectada, no que se realizou a obra de acometida do saneamento que, entre agosto e outubro de 2017, deixou ao descuberto depósitos de lindano.

Confírmase a exposición a lindano dunha parte das persoas incluídas no estudo epidemiolóxico, a través da auga dos pozos que estaban a utilizar para consumo, cocíña ou hixiene persoal. En relación á caracterización destas exposicións crónicas establecéronse uns niveis orientativos en base á información dispoñible ata o momento e ao que se coñece das posibles vías de exposición a lindano.

Agora ben, este estudo só permite verificar que houbo exposición a lindano, pero non permite cuantificar a intensidade desa exposición. Para aproximala, a Consellería de Sanidade propuxo a todos os residentes da zona afectada realizar unha analítica de sangue na que se determinará a presenza do lindano e dos outros isómeros do HCH”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/06/2018 9:56:32



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 29812**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto do mantemento polos centros escolares de uniformes diferentes para cada sexo”**, (publicada no BOPG número 300 do 4 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación á cuestión que suscita, cómpre referirse á propia Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, que recolle o seguinte:

Así pois, a vestimenta ou maneira de presentarse do alumnado é un dos aspectos que poden contemplar as normas de convivencia dos centros docentes, establecendo precisións, dentro dos parámetros que fixa a propia lei; ademais, o alumnado ao que se refire pertence a centros docentes sostidos con fondos públicos, tanto se se trata de centros públicos como privados concertados.

A normativa transcrita respecta a autonomía de cada centro docente, polo que é unha cuestión na que a solución concreta, dentro do límites que fixa a lei, dependerá de cada centro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/06/2018 10:33:56



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **30314**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**o prazo previsto pola Xerencia do Centro Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela para o traslado á Xunta de Persoal da información referida aos profesionais da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) que prestan servizos en centros alleos mediante a modalidade "orde de Servizo"**”, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nas reunións mantidas en datas 24 de novembro de 2017 e 21 de marzo de 2018 da xunta de persoal co representantes da Xerencia de Santiago, deuse información sobre o particular.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/06/2018 14:28:37



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30374**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez sobre “ **a opinión e as previsións do Goberno galego referidas ao nivel de recursos humanos e materiais que presenta o Hospital Comarcal do Salnés, en relación coas necesidades asistenciais da poboación, as razóns da perda de moitos deles, a consecuencia do seu destino ao Complexo Hospitalario de Pontevedra, así como a súa valoración respecto da necesidade de incorporar unha ambulancia tipo SVA con base nese hospital para mellorar a atención urxente da zona**”, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A dotación dos recursos humanos e materiais da comarca do Salnés é o resultado dunha planificación sanitaria funcional realizada en base á poboación a atender, desde o punto de vista da promoción da saúde, prevención das enfermidades, atención sanitaria das doenzas e rehabilitación da saúde.

No que atinxe aos recursos humanos neste intre estamos inmersos na resolución do concurso de traslados para a provisión de diversas prazas básicas de persoal estatutario de varias categorías e especialidades, coa adxudicación dos destinos que procedan e dentro dos prazos legais correspondentes. Unha vez rematado este proceso, de quedar algunha praza vacante, procederase a súa cobertura na medida da dispoñibilidade que exista de profesionais.

En canto aos recursos materiais as necesidades son atendidas a través do plan de necesidades anual de cada un dos centros sanitarios.

En xeral pódese considerar a atención sanitaria na comarca do Salnés como satisfactoria xa que os recursos sanitarios ofertados, tanto humanos como materias, son o resultado dunha planificación funcional elaborada no seu momento para cada un dos centros sanitarios

existentes na comarca, para dar resposta á poboación que teñen de referencia. Esta planificación sanitaria irase revisando segundo a evolución demográfica que se produza na comarca.

En xeral a comarca do Salnés non ten ningún problema sanitario específico que a diferencie do resto do territorio da comunidade autónoma de Galicia. A dispersión e envellecemento da poboación son factores que dificultan e agravan a atención da poboación desde o punto de vista sanitario.

Desde abril 2017 ata marzo 2018, en execución do plan de estabilidade de emprego e provisión de prazas do persoal estatutario, aprobado pola Resolución do 25 de abril de 2017 da dirección de recursos humanos (DOG do 4 de maio de 2017) estabilizáronse na comarca do Salnés, 42 postos de traballo.

Así mesmo, incrementouse un efectivo no servizo de HADO, para ampliar a súa cobertura de actuación, un efectivo de noite no servizo de urxencias e un en radioloxía.

Polo que se refire a valoración da situación actual do hospital do Salnés en relación coa calidade e cantidade dos servizos que presta é correcta, tendo en conta ademais que a calidade e cantidade dos servizos se están incrementando, como por exemplo, coas novas urxencias con separación de adultos e pediatría, as diferentes zonas asistenciais; o novo bloque obstétrico e o novo bloque quirúrxico.

O Hospital do Salnés, como o resto dos centros sanitarios de Galicia, nestes momentos está en pleno proceso de resolución do concurso de traslados para a provisión de diversas prazas básicas de persoal estatutario de varias categorías e especialidades, coa adxudicación dos destinos que procedan e toma de posesión dos mesmos, dentro dos prazos legais correspondentes. Unha vez rematado este proceso, de quedar algunha praza vacante, procederase a súa cobertura na medida da dispoñibilidade que exista de profesionais.

A política de contratación de profesionais de atención primaria por parte do Servizo Galego de Saúde é a de garantir a mellor atención sanitaria á poboación, sempre condicionada pola dispoñibilidade de profesionais nas listas de contratacións.

A distribución de pacientes e de recursos correspóndelle aos servizos centrais do Servizo Galego de Saúde que os calcula en función da poboación, das isocronas e da frecuentación.

Para a atención no Salnés das persoas afectadas por infarto agudo de miocardio que precisan ser trasladadas, utilízanse as ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado con base en Pontevedra, nos meses de verán coa de Sanxenxo e os helicópteros de soporte vital avanzado fundamentalmente con base en Santiago.

Cando non se poden realizar os traslados cos medios que dispón 061 por estar ocupados noutros servizos, utilízase a ambulancia asistencial de soporte vital avanzado para traslados interhospitalarios dos pacientes graves que ten o hospital do Salnés.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/06/2018 9:51:24



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30481**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as intencións da Axencia Galega de Infraestruturas referidas á creación da comisión de seguimento da Vía de alta capacidade Costa Norte, o calendario previsto para a execución dos proxectos dos tramos pendentes e a data de reinicio das obras, así como as razóns da súa prolongada paralización e a súa incidencia económica e social nas comarcas de Ortegal e da Mariña lucense”**, (publicada no BOPG número 307 do 21 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Axencia Galega de Infraestruturas, co fin de continuar coa actuación da vía de altas prestacións da Costa Norte, licitou, o 5 de marzo de 2018, a asistencia técnica de servizos para a redacción do proxecto Actualización da VAC da Costa Norte. Treito: AG-64 (San Sadurniño) - Sanguineira; e redacción do estudo informativo e estudo de impacto ambiental da nova ponte sobre a ría de Viveiro e conexión da VAC Costa Norte coa LU-540. Así mesmo, está previsto ir actualizando sucesivamente os proxectos dos restantes treitos.

En canto aos prazos, considerando que a referida asistencia técnica se licitou en data recente, o 5 de marzo de 2018, e que é posible que haxa algún axuste que poida modificar a ocupación nalgunha das fincas afectadas, é necesario agardar a definir esas afeccións para iniciar o proceso de expropiacións das propiedades afectadas pola vía de altas prestacións.

Sinalar, ademais, que a Axencia Galega de Infraestruturas, de modo complementario, licitou tamén o proxecto de Mellora da capacidade e seguridade da AC-862. Treito: AG-64-Ponte Mera. Con estas dúas iniciativas determínase unha estratexia de actuación a curto e medio prazo para a mellora da mobilidade en materia de estradas do norte das provincias da

Coruña e Lugo, con especial atención ao desenvolvemento da vía de altas prestacións da Costa Norte. Foi a propia conselleira de Infraestruturas e Vivenda quen deu conta desta estratexia aos alcaldes nunha reunión celebrada o 1 de marzo de 2018”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/06/2018 10:55:20

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30742**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da atención sanitaria que se está a prestar na comarca do Salnés e as actuacións que vai levar a cabo para a súa mellora”**, (publicada no BOPG número 307 do 21 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A dotación dos recursos humanos e materiais da comarca do Salnés é o resultado dunha planificación sanitaria funcional realizada en base á poboación a atender, desde o punto de vista da promoción da saúde, prevención das enfermidades, atención sanitaria das doenzas e rehabilitación da saúde.

No que atinxe aos recursos humanos neste intre estamos inmersos na resolución do concurso de traslados para a provisión de diversas prazas básicas de persoal estatutario de varias categorías e especialidades, coa adxudicación dos destinos que procedan e dentro dos prazos legais correspondentes. Unha vez rematado este proceso, de quedar algunha praza vacante, procederase a súa cobertura na medida da dispoñibilidade que exista de profesionais.

En canto aos recursos materiais as necesidades son atendidas a través do plan de necesidades anual de cada un dos centros sanitarios.

En xeral pódese considerar a atención sanitaria na comarca do Salnés como satisfactoria xa que os recursos sanitarios ofertados, tanto humanos como materias, son o resultado dunha planificación funcional elaborada no seu momento para cada un dos centros sanitarios existentes na comarca, para dar resposta á poboación que teñen de referencia. Esta planificación sanitaria irase revisando segundo a evolución demográfica que se produza na comarca.

En xeral a comarca do Salnés non ten ningún problema sanitario específico que a diferencie do resto do territorio da comunidade autónoma de Galicia. A dispersión e envellecemento da poboación son factores que dificultan e agravan a atención da poboación desde o punto de vista sanitario.

Desde abril 2017 ata marzo 2018, en execución do plan de estabilidade de emprego e provisión de prazas do persoal estatutario, aprobado pola Resolución do 25 de abril de 2017 da dirección de recursos humanos (DOG do 4 de maio de 2017) estabilizáronse na comarca do Salnés, 42 postos de traballo.

Así mesmo, incrementouse un efectivo no servizo de HADO, para ampliar a súa cobertura de actuación, un efectivo de noite no servizo de urxencias e un en radioloxía.

Polo que se refire a valoración da situación actual do hospital do Salnés en relación coa calidade e cantidade dos servizos que presta é correcta, tendo en conta ademais que a calidade e cantidade dos servizos estanse incrementando, como por exemplo, coas novas urxencias con separación de adultos e pediatría, as diferentes zonas asistenciais; o novo bloque obstétrico e o novo bloque quirúrxico.

O Hospital do Salnés, como o resto dos centros sanitarios de Galicia, nestes momentos está en pleno proceso de resolución do concurso de traslados para a provisión de diversas prazas básicas de persoal estatutario de varias categorías e especialidades, coa adxudicación dos destinos que procedan e toma de posesión dos mesmos, dentro dos prazos legais correspondentes. Unha vez rematado este proceso, de quedar algunha praza vacante, procederase a súa cobertura na medida da dispoñibilidade que exista de profesionais.

A política de contratación de profesionais de atención primaria por parte do Servizo Galego de Saúde é a de garantir a mellor atención sanitaria á poboación, sempre condicionada pola dispoñibilidade de profesionais nas listas de contratacións.

A distribución de pacientes e de recursos correspóndelle aos servizos centrais do Servizo Galego de Saúde que os calcula en función da poboación, das isocronas e da frecuentación.

Para a atención no Salnés das persoas afectadas por infarto agudo de miocardio que precisan ser trasladadas, utilízanse as ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado

con base en Pontevedra, nos meses de verán coa de Sanxenxo e os helicópteros de soporte vital avanzado fundamentalmente con base en Santiago.

Cando non se poden realizar os traslados cos medios que dispón 061 por estar ocupados noutros servizos, utilízase a ambulancia asistencial de soporte vital avanzado para traslados interhospitalarios dos pacientes graves que ten o hospital do Salnés.

Na comarca do Salnés acábanse de rematar as reformas no Punto de Atención Continuada de Vilagarcía de Arousa e estase levando a cabo a reforma-ampliación do Centro de Saúde da Illa de Arousa.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/06/2018 9:51:14



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30755**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre **“os datos referidos ás casas de turismo rural existentes en un dos concellos de cada provincia de Galicia, o seu nivel de ocupación nos anos 2015, 2016, 2017 e a súa principal fonte de ingresos”**, (publicada no BOPG número 307 do 21 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Os datos dos aloxamentos turísticos en Galicia veñen sendo publicados mensualmente na páxina web de Turismo de Galicia. Estes datos ofrecen múltiples posibilidades de consulta, polo que o número de casas de turismo rural por concellos está sendo publicado e é dispoñible de maneira sinxela.

O link para acceder a información é a seguinte:

http://www.turismo.gal/espazo-profesional/directorio-de-empresas-e-establecementos-turisticos?langId=gl_ES

En canto o número de casas de turismo rural por provincias e por concellos indicando as prazas é o seguinte:

Establecementos e prazas de turismo rural en Galicia

Provincias	Prazas	Establecementos
A Coruña	2.022	167
Lugo	2.004	156
Ourense	1.084	85
Pontevedra	2.013	168
Galicia	7.123	576

* Datos a 15 de maio de 2018

Concellos ordenados (prazas)	Prazas	Establecementos
A Estrada	251	21



Arzúa	217	18
Folgoso do Courel	132	13
Pantón	129	8
Cambados	124	8
A Pobra de Trives	105	7
Ribadeo	101	6
Chantada	100	7
Santiago de Compostela	100	8
Silleda	98	8
Palas de Rei	97	8
Vila de Cruces	90	8
Cangas	86	7
Ortigueira	79	6
A Fonsagrada	77	6
Melide	76	6
Monterroso	75	5
Sanxenxo	70	6
Triacastela	70	5
Cerdedo-Cotobade	66	6
Cospeito	65	6
Forcarei	64	7
Arbo	63	4
Cervantes	61	6
Nogueira de Ramuín	58	4
O Saviñao	58	4
Outes	58	4
Pedrafita do Cebreiro	58	7
Cuntis	57	4
Santiso	57	6
Muxía	56	4
Viveiro	56	3
A Pontenova	55	4
Barreiros	54	4
O Pino	53	4
Vedra	53	4
Boiro	52	4
Foz	52	3
Sober	51	3
Trabada	50	3
Boborás	49	3



Caldas de Reis	48	3
Carballo	48	4
Monfero	48	4
Ponteareas	48	5
Sarria	48	4
Vilaboa	48	3
Catoira	47	3
A Arnoia	46	3
Cee	45	3
Ribadavia	45	4
Sobrado	45	5
Crecente	44	3
Rairiz de Veiga	44	4
A Peroxa	43	3
Allariz	42	3
A Baña	41	4
A Cañiza	41	3
Covelo	41	2
Malpica de Bergantiños	41	4
Outeiro de Rei	41	3
Sarreaus	40	1
Touro	40	3
A Pobra do Brollón	38	3
Ames	38	3
Lalín	36	3
Poio	36	4
Tui	35	4
Xermade	35	2
A Veiga	34	4
Moraña	34	2
Samos	34	3
Mondariz	33	3
Mondoñedo	33	3
Rianxo	33	4
As Nogais	32	4
Baltar	32	2
Bueu	32	2
Cedeira	32	3
Gondomar	32	3
Agolada	31	2



Carnota	31	2
Castroverde	31	2
Boimorto	30	4
Bóveda	30	2
Entrimo	30	2
Parada de Sil	30	3
Redondela	30	2
Dumbría	29	2
Noia	29	2
Paderne	29	2
Valga	29	2
Meira	28	2
Mesía	28	2
Oia	28	2
Quiroga	28	2
Tomiño	28	4
Rois	27	2
Celanova	26	2
Fornelos de Montes	26	2
Lugo	26	2
O Rosal	26	2
A Pobra do Caramiñal	25	3
A Capela	24	2
A Lama	24	2
Cervo	24	2
Coles	24	2
Leiro	24	2
Padrón	24	2
Ribadumia	24	2
Cabana de Bergantiños	23	2
Muíños	23	2
Amoeiro	22	1
Beariz	22	3
Becerreá	22	2
Carral	22	2
Lousame	22	2
Meis	22	2
O Bolo	22	2
O Incio	22	2
O Vicedo	22	2



Soutomaior	22	2
Vilarmaior	22	1
Castrelo do Val	21	2
Manzaneda	21	1
Ordes	21	2
Oza-Cesuras	21	1
A Rúa	20	1
Campo Lameiro	20	2
Cariño	20	2
Dodro	20	1
Láncara	20	1
Laxe	20	1
Monterrei	20	2
Pontedeume	20	1
Vilalba	20	1
Lobios	19	2
Valdoviño	19	2
Baiona	18	2
Boqueixón	18	1
Mazaricos	18	1
Negueira de Muñiz	18	1
Nigrán	18	1
San Sadurniño	18	1
Teo	18	1
Vilagarcía de Arousa	18	2
Vimianzo	18	2
A Laracha	17	2
Gomesende	17	2
O Corgo	17	1
Salvaterra de Miño	17	2
Barbadás	16	1
Cenlle	16	2
Culleredo	16	1
Moaña	16	2
Neda	16	1
Piñor	16	1
Ponteceso	16	1
A Teixeira	15	1
Avión	15	2
Chandrea de Queixa	15	1



Abegondo	14	1
As Neves	14	2
Calvos de Randín	14	1
Coristanco	14	1
O Páramo	14	1
Padrenda	14	1
Ramirás	14	1
Xunqueira de Ambía	14	1
A Mezquita	12	1
A Pastoriza	12	1
Moeche	12	1
Paradela	12	1
Ponte Caldelas	12	1
Pontevedra	12	2
Porto do Son	12	1
Ribas de Sil	12	1
Trazo	12	1
Miño	11	1
Salceda de Caselas	11	1
A Guarda	10	1
Castro Caldelas	10	1
Cerdido	10	1
Coirós	10	1
Mañón	10	1
Montederramo	10	1
Negreira	10	1
Pazos de Borbén	10	1
Xinzo de Limia	10	1
Xove	10	1
Barro	9	1
Alfoz	8	1
Bande	8	1
Curtis	8	1
Fisterra	8	1
Meaño	8	1
Arteixo	6	1
Carballedo	6	1
Marín	6	1
Muros	6	1
Pontedeva	6	1



Portomarín	6	1
Ribeira	6	1
Taboada	6	1
Navia de Suarna	4	1
Ourol	4	1
Galicia	7123	576

Os datos de ocupación de casas de turismo rural, a partir de datos facilitados polo INE, só son accesibles a nivel de desagregación por provincias, polo que se envía o dato das catro provincias nos anos indicados.

ENQUISA DE OCUPACIÓN EN TURISMO RURAL					
GRAO DE OCUPACIÓN POR PRAZAS. Provincias 2015-17					
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
2015	20,62	14,32	13,30	13,16	15,64
2016	24,57	16,35	15,68	15,46	18,32
2017	25,15	18,04	16,06	19,58	20,18

* Datos definitivos en 2015 e 2016 e provisional en 2017

Destes datos despréndese que vimos de superar un dos obxectivos marcados na Estratexia do Turismo de Galicia 2020, que estimaba poder chegar ao 20% no 2020.

Turismo de Galicia non dispón de datos de ingresos de ningún tipo de establecemento ou empresa, polo que non resulta posible ofrecer a información solicitada no terceiro interrogante.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/06/2018 9:51:06



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30760**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre “**o tempo medio de espera existente nas resolucións de avaliación de riscos laborais durante o embarazo en cada unha das Estruturas Organizativas de Xestión Integrada, así como en cada un dos distritos sanitarios, e as previsións do Sergas respecto da súa axilización para o seu persoal**”, (publicada no BOPG número 307 do 21 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O procedemento para garantir a protección da maternidade recollido no artigo 26 da Lei de Prevención de Riscos Laborais foi desenvolvido no Servizo Galego Saúde pola Orde de 16 de setembro de 2008, pola que se establece o procedemento para a adaptación de postos e condicións de traballo por razóns de protección da saúde e da maternidade nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde (DOG do 30 de setembro).

En dito procedemento establécese que a adaptación de postos de traballo por razóns de protección da saúde e a maternidade iníciase por solicitude da interesada...dirixida á dirección xerencia da institución na que preste servizos.

Unha vez iniciado o procedemento, conforme ao estipulado no punto 3 do artigo 4 da mencionada orde, a traballadora é citada por parte dos médicos do traballo da Unidade de Prevención de Riscos Laborais de forma inmediata, que emiten informe no menor prazo posible de acordo coa avaliación técnica do posto de traballo.

No suposto de que a traballadora desempeñe un posto de traballo no que poidan existir axentes ou condicións de traballo identificados previamente, aos que non poda estar exposta a xestante profesional que este realizando lactancia natural, adóptanse medidas cautelares de carácter inmediato e provisional (mentres non se resolve o procedemento) para adaptación do posto de traballo ou adscrición a outro compatible coa maternidade.

Unha vez realizada a avaliación do posto por parte do Servizo de Prevención, nos casos en que resulte que a traballadora puidera estar exposta a axentes, procedementos e condicións incluídos no anexo VII do Real Decreto 39/1997, se lle adapta o posto de traballo ou é adscrita a outro posto de traballo mediante resolución emitida pola xerencia correspondente.

Se ditos cambios de posto non resultaran posibles a nivel organizativo ou técnico, iniciase o procedemento para declarar á situación de suspensión do vínculo por risco durante o embarazo/lactación natural, con efectos desde o día en que se constata a situación.

A orde de 16 de setembro de 2008 establece un prazo máximo de resolución de 3 meses que non é superado por ningunha das Xerencias do Servizo Galego de Saúde.

As resolucións relativas á protección á maternidade teñen un circuíto preferente sobre o resto de actividades no marco da saúde laboral e a Prevención de Riscos Laborais na organización. Sinalar ademais que están identificados os postos de traballo onde existen axentes e condicións de traballo aos cales non poderá haber exposición por parte de traballadoras embarazadas, realizándose con carácter urxente a notificación das medidas cautelares”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/06/2018 9:50:45



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 30763**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir a asistencia sanitaria ás persoas estranxeiras na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Lugo e a súa opinión en relación coas dificultades denunciadas ao respecto polas traballadoras sociais”**, (publicada no BOPG número 307 do 21 de maio de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia a través da Instrución 15/2012 publicada pola Resolución do 21 de setembro de 2012, acordouse a creación do Programa Galego de Protección Social da Saúde Pública (PGPSSP), que, desde a entrada en vigor do RD 16/2012, permitiu seguir atendendo ás persoas que non reunían a condición de aseguradas, ou beneficiarias, e que non tiveran acceso ás prestacións sanitarias por outro medio.

Este programa naceu co fin de garantir a asistencia ás persoas maiores de 18 anos con documentación válida e en vigor que as identifique, que non teñen un permiso de residencia vixente en España, que non teñen nin poden ter asistencia sanitaria pública en España, nin exportar o dereito desde o país de procedencia, se fora o caso, e que non poidan subscribir un convenio especial de asistencia sanitaria co Servizo Galego de Saúde e que cumpran os seguintes requisitos:

Estar empadroadado nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia, cunha antigüidade igual o maior a 183 días.

Non dispoñer de ingresos, en España ou no seu país de orixe ou procedencia, superiores, en cómputo anual, ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM)

A implantación do programa priorizou, en todo momento, a continuidade asistencial destas persoas, asegurando que quen o precisase puidera recibir a asistencia sanitaria que requirise.

Existen outros programas complementarios a este, o de atención aos menores estranxeiros en situación administrativa irregular que teñen acceso directo ao sistema sanitario público, de acordo co previsto no RD 16/2012; así como o programa de enfermidades transmisibles, polo que calquera inmigrante en situación irregular que non teña nin poida ter cobertura por outro medio, con sospeita dunha enfermidade infecciosa de declaración obrigatoria, ou sospeita dela, recibe atención sanitaria.

En todo caso cómpre puntualizar que hai que diferenciar entre a prestación de asistencia sanitaria e a emisión dun documento acreditativo da asistencia emitido pola Comunidade Autónoma de Galicia (tarxeta sanitaria galega ou outro tipo de documentos para non asegurados).

Para ser dado de alta como asegurado/beneficiario ou como non asegurado, a persoa debe solicitalo e debe cumprir os requisitos esixidos: documentación identificativa en vigor, empadramento nun concello galego... Naqueles casos en que non os cumpre, a súa solicitude de alta é denegada, pero elo non significa que se lle negue a prestación de asistencia sanitaria que requira.

